

1-8-1997

MAR POR MEDIO

V XORNADAS DE
CULTURA GALEGA:
UNHA VISIÓN
DENDE O
REINO UNIDO.

RIBADEO



La Voz de Galicia



CAIXA GALICIA
AULA DE CULTURA

EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO
DELEGACIÓN DE CULTURA

**VENRES 1 DE AGOSTO/97. 9 DA NOITE. IGREXA PARROQUIAL
RIBADEO**

ANTONIO QUEIJA UZ, PIANO BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO



HERNÁN NAVAL, DIRECTOR

**V XORNADAS
MAR POR MEDIO**

EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO
DELEGACION DE CULTURA

Antonio Queija Uz nasceu en La Habana en 1963 e é profesor de Piano, en excedencia, da Escola Nacional de Música de Cuba. Está en posesión dos máis importantes premios pianísticos latino-americanos e europeos. Como intérprete, está especializado no repertorio virtuosístico dos compositores pianistas do século XIX e primeira metade do XX, tanto americanos como europeos: Chopin, Gottschalk, Lecuona, Liszt, Thalberg... Ten actuado acompañado das máis importantes orquestras cubanas e con agrupacións sinfónicas de Bélxica, China, Corea, España, Venezuela... Na temporada 1995-96 tocou na Coruña, coa Orquestra Sinfónica de Galiza, o Concerto en Mi bemol de Liszt.

En 1994, Antonio Queija coñece a Hernán Naval e suxírelle a realización da transcripción para Banda da parte orquestral do **Andante Spianato e Gran Polonesa en Mi bemol Maior**, de Chopin, a fin de podereno interpretar xuntos: Queija acompañado da **Banda Municipal de Ribadeo**. Velaquí. Un novo reto para a Banda. E o orgullo de acompañar a tan prestixioso solista.

A Banda completa o programa con pezas de repertorio xa coñecidas do público ribadense e máis cunha obra en primeira interpretación por esta agrupación: a selección de temas e cancións de **A pantasma da ópera**, un dos grandes musicais de Lloyd Webber, unha obra tan fermosa como difícil.

Este concerto vai ser gravado dixitalmente para incluír parte del no Compac Disc que a Banda vai distribuír a finais de ano. Prégaselle ao público a maior colaboración, gardando o máis coidadoso silencio entanto a Banda e António Queija Uz ofrecen as súas interpretacións. Moitas grazas.

P R O G R A M A

I

Sinfonia do Novo MundoA. Dvorak
(Arr. do IV mov. e cita do II)

FinlândiaJ. Sibelius

**Andante Spianato e Gran Polonesa
en Mi bemol Maior**F. Chopin
(Antonio Queija Uz, Piano)

II

A pantasma da óperaA. Lloyd Webber

Port-Bou-SaraxevoHernán Naval

Piensa en mí (Bolero)Agustín Lara

Hino inglés

Hino galego

HERNÁN NAVAL

Director